

POSIBLES ACTIVIDADES PARA FACER COS NENOS NA CASA:

Para comezar, gustaríame animarvos a que tratades cos nenos a **problemática que nos afecta na actualidade, o CORONAVIRUS, coa maior naturalidade posible, para que comprendan:** -o que está a pasar e o motivo polo que non podemos ir ao cole estes días e debemos quedarnos na casa; -as medidas que debemos tomar para gañarlle a partida a este novo e invisible inimigo; - e o importante papel que temos que desempeñar para o ben de todas as persoas, de xeito que nos converteremos nos heroes e heroínas do planeta Terra... o que tamén contribuirá a xestionar as súas emocións e aumentar a súa autoestima. Así pois, aquí vos deixo as **primeiras actividades que vos proponho facer:**

◆ Presentarlles o **CONTO "ROSA CONTRA EL VIRUS"**, do cal vos deixo dous formatos para que os empreguedes cando e/ou como prefirades:

a) Para acceder ao documento en PDF (que tamén se pode descargar), pinchade na seguinte dirección:

<https://drive.google.com/open?id=1FCRCUB0dW9ciGVXPngkgnvGpVgTDnm2R>

b) Para acceder ao vídeo-conto: https://youtu.be/Z9w6B_PpYjo

↳ A partir do conto, podemos pór en práctica moitas e variadas actividades, entre outras: preguntas cortas de comprensión, conversa sobre o tema, modificación dalgunha parte do conto, invención do final... imaxinar e debuxar o/uns virus, darlle forma=modelalo con plasti ou similar, inventarlle unha cantiga/rap, etc.

Tamén podedes facer con eles un cartel con mensaxes positivas para colocar nas vosas fiestras, para colaborar coa iniciativa **#desdemiventana** ➔ (Para máis información, entra en

<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ourense/2020/03/14/dibujos-ventanas-concienciar-acompanar/00031584192691206942120.htm>)



◆ Para explicarlles a importancia de practicar, cada pouco tempo, un bo lavado de mans, facer un **EXPERIMENTO** cos nenos: <https://youtu.be/Lmvy2W9nhdQ>

◆ “O XOGO DO CORONAVIRUS”. O xogo consiste en debuxarlles, cada mañá, no dorso das mans dos nenos, un coronavirus e eles durante o día teñen que conseguir borrar o debuxo con auga e xabón. Se á noite conseguiron borrar o debuxo conseguen un punto. Cando acumulen 10 puntos entregádeslles un premio (cada familia que elixa o premio que considere máis oportuno).

◆ **CANTAR ALGUNHA CANCIÓN** (que pode/ou non, estar relacionada co lavado de mans) xa coñecida por eles, para cantala **MENTRES** estean lavando as mans. En calquera caso, poden tamén **APRENDER algunha cantiga** ao respecto, por exemplo:

<https://www.youtube.com/watch?v=0oDdrfO7Pd8>

<https://www.youtube.com/watch?v=6G7wgVJdM5k&feature=youtu.be>

https://www.youtube.com/watch?v=u9VRETUH_BQ

◆ Para finalizar co tema do coronavirus, déixovos outro **CONTO**, que se pode imprimir e colorear, “**MISIÓN: QUEDARSE NA CASA**” :

https://drive.google.com/open?id=1K-2UKnUmDZx8lqcvug1krOAqW2d_CO1D

◆ Agora si, e xa para rematar, anímovos a que movades todo o voso corpo con alegría co **BAILE DA PAZ**, de **MAMÁ CABRA**. Para elo, achégovos dous formatos para que os empreguedes a libre elección: un só co audio e o outro, acompañado de pictogramas de ARASAAC para que poidades “ler” cos peques:

<https://drive.google.com/open?id=1FBaAcOC3AxCoJdjHoBwZAVzQfsOAqUZZ>

<https://www.youtube.com/watch?v=fjQ7isk2Y8o>



UNHA GRANDE APERTA, PROFE SANDRA